

PERFIL DOS PREGOEIR@S:

? Camila Bossa



Actriz de teatro e de televisión, nacida en Bogotá (Colombia, 1973). Comezou na interpretación de nova, actuando nas obras do grupo EIS de teatro universitario de Santiago. En televisión foi coñecida pola popular serie “Pratos Combinados” e despois grazas ao papel de Belinda na serie “Mareas Vivas”. Ten participado en numerosas curtametraxes e producións entre as que destaca “Ilegal” de Ignacio Vilar e longametraxes coma “El año de la garrapata”.

? Iolanda Muíños



Actriz galega (A Coruña, 1970) que comezou no mundo da interpretación a finais da década dos 90 a través das curtametraxes, para rematar en papeis de reparto en títulos coñecidos da pequena e gran pantalla. O seu gran momento chegou no 2003 cando participou na longametraxe “Mar adentro”.

? Luís Zahera



Actor coñecido popularmente como *Petróleo* polo seu papel na serie “Mareas Vivas”, da canle autonómica. Tamén deu o salto á televisión privada para participar en series como “Motivos personales” (Telecinco, 2005), “A tortas con la vida” (Antena 3, 2006), “Génesis” (Cuatro, 2006), “Círculo rojo” (A3, 2007), “Como perros y gatos” (TVE, 2007). No cine, 2006 foi un ano de grande actividade a nivel español, actuando nas longametraxes “Alatriste” (A. Díaz Yanes), “La silla” (J. D. Wallovits) e “Locos por el fútbol” (J. Rebollo).